

Opini3ns recollidas no [blog da Biblioteca](#) do IES S3nchez Cant3n no curso 2007-2008

1. Dedeiquei moi pouqui3no tempo a ler esta obra, non porque desexara rematar 3 pr3sa e sacar de enriba o peso do libro obrigatorio de galego canto antes, sen3n porque conseguiu prenderme a s3a lectura despois desta longa tempada de vacaci3ns sen facerlles moito caso 3s libros. Sen saber sequera da tem3tica ou estrutura, comecei a ler nas s3as p3xinas mentres me mergullaba nun mundo de historias as veces surrealistas (as m3is), outras pesimistas, e outras m3is moi abstractas. Gust3ronme case todos os curtos relatos que integran esta obra, o sentimentalismo do xove que navega incertamente na procura dunha vida mellor, vendo como todos os seus so3os van s3ndolle truncados. A turbulencia da historia da cea dos catro amigos, e a pasividade ante un fen3meno tan forte como pode ser a mesma morte... Ou o sinxelo de atopar a felicidade con algo tan pequeno como 3 un libro acompa3ado pola persoa que m3is aprecias, a3nda que o pasado siga a ser un tanto escuro... Pero de todas, a que m3is me emocionou, foi a da pobre velli3a que vive na residencia, e que por momentos (cando a s3a enfermidade lle permite un chisco de acougo) recorda trazos do seu pasado, e fantasea con tan pouqui3no como unha moeda de cincuenta c3ntimos. En resumo, saquei un resultado moi positivo da lectura deste libro e animo a calquera dos meus compa3eiros a probar sorte! **(Xulia)**

2. O libro consta de doce relatos breves (desde unha soa p3xina ata o mais longo que ten ao redor de vinte), que non presentan una continuidade no argumento entre eles. 3 un libro f3cil e que se le r3pido xa que a gran brevidade dos relatos permite pasar de un a outro en pouco tempo e rematalo case sen darte conta. A maior3a dos relatos gust3ronme, sobre todo "Geographos", "Non escoites a Giovanna" e "Na fraga" que te3en un argumento que engancha dende o principio. En cambio noutros resultoume complicado coller o f3o da historia en especial en "Ti33adelo que ver", a3nda que son os menos. **(V3ctor)**

3. *As humanas proporci3ns* 3 un libro de relatos de Xes3s Constela. F3xoseme moi r3pido de ler e sobre todo f3cil de entender, xa que non usa un vocabulario complexo. O libro gustoume moito. O relato que m3is me impactou foi o de Lily. Comeza a narraci3n cunha de cea na que Lily est3 cuns amigos na s3a casa desgustando uns men3s exquisitos xa que 3 unha familia de cartos, e cando vai tomar a sobremesa... O increble foi a reacci3n dos compa3eiros de mesa dela. Tam3n me gustou moito o de *Non escoites a Giovanna*. A pesar de todo, o que m3is me conmocionou foi o da velli3a que est3 nunha residencia. Nunca lera un libro as3. A verdade 3 que me sorprende moito, xa que cada un non ten nada que ver co outro respecto da forma de narralo. Por suposto que as historias son todas diferentes, pero cada unha est3 narrada dunha maneira, como o dos algoritmos ou o da raia. Para rematar, este 3 un libro moi interesante, realmente merece a pena lelo as3 que 3nimos a que o leades. **(Sara)**

4. *As humanas proporci3ns* 3 un libro de doce relatos curt3os, con historias diferentes e independentes entre elas. 3 un libro moi sinxelo de ler, gustoume bastante pola forma de narrar que ti3a o autor, que xuntaba alg3ns aspectos pesimistas da vida, como pode ser a morte ou a soidade, con elementos imaxinativos, que eran os que fac3an que as historias fosen entretidas e a clave de que me gustase o libro. Os relatos que m3is me gustaron foron "As lembranzas todas", "Celia e o pr3ncipe", e "Geographos", e o que menos deleitou foi "Ti33adelo que ver" porque era unha historia un tanto estra3a. Conclu3ndo, 3 un libro que recomendo para ler xa que 3 moi sinxelo e ameno. **(Tamara)**

5. *As humanas proporci3ns* o considero un moi bo libro cr3tico-metaf3rico no que se reflexa a sociedade actual: fr3a, desconsiderada, asasina... Non son poucos os relatos que m3is me gustan. Estes son: *-As lembranzas todas*. Xenial relato de cr3tica para os malos tratos nas mulleres por parte dos seus maridos no que o arma liberadora da muller son as s3as lembranzas. *-Onde est3s, meu amor, Sangare?* segue a li3a cr3tica da anterior, neste caso referida ao feito de que persoas te3an que abandonar os seus pa3ses de calquera xeito. Neste relato refl3ctense ben as relaci3ns que se deben dar nestes barcos improvisados e os pensamentos dos que al3 pasan, 3s veces, os seus derradeiros minutos de vida. *-Lily* 3 unha mostra cr3tica da sociedade na que vivimos, unha sociedade fr3a e sen escr3pulos que pode estar falando de feitos vomitivos nunha singular cea nun bo restaurante ou ver a morte dun dos teus compa3eiros e pasalo inadvertido. Mostra unha sociedade enferma, morta. *-Algarismos* fainos ver que todo o que nos rodea son n3meros. Como xa dixu Plat3n, o universo 3 unha complexa f3rmula matem3tica, e isto 3 o que o autor intenta reflectir cun gran acerto. *-Geographos* gustoume pola s3a mestura de fantas3a con sensaci3ns completamente reais. O feito de que haxa unha relaci3n persoal completamente normal con sentimentos extracorporais gustoume moito. *-A sementadora* de estrelas foi sen d3bida a que m3is me emocionou. O feito de que a velli3a recorde de vez en cando puntos do seu pasado e a cr3tica final do trato da asistente fr3o e insensible fan deste un dos meus favoritos. *-Son unha raia* g3stame pola metaf3ra que emprega o autor para describir ao poder, un poder que domina todo, que escribe a historia como el quere, un poder ao que somos s3bditos e nos move como marionetas. *-Ti33adelo que ver* 3 sen d3bida a que m3is me gusta. Segundo a mi3a interpretaci3n, o autor elabora unha moi forte cr3tica cargada de hip3rboles da sociedade consumista actual, sociedade que lle d3 igual o que acontece no seu entorno mentres os iogures sigan custando 1,203, sociedade que vive polos centros comerciais aos que est3 atado de p3s e mans e que pensa por el creando unha sociedade, e polo tanto uns individuos, totalmente submisos, in3tiles e gastadores. Conclu3o

dicindo que é un libro moi recomendable cunha lectura afable, sinxela e cun contido crítico que fai espertar a mente durmida polos que intentan manexalo todo no que a metáfora xoga un papel moi importante, o de activar a mente atrofiada do lector. **(Alexandre)**

6. Este libro resultoume moi fácil de ler. Os relatos son moi breves e sinxelos aínda que non todos son entretidos... Os que máis me gustaron foron quizabes o primeiro, non escoites a giovanna... pero a maioría parecían demasiado surrealistas, non enganaban... non sei, os libros de relatos en xeral, gústanme pero este era un tanto estraño. En xeral gustoume, aínda que como dixen antes a maioría dos capítulos eran un pouco raros. Pareceume un libro moi sinxelo e rápido de ler. **(Déborah)**

7. Este libro componse de doce relatos curtos, cada un deles cunha temática diferente. Moitos dos relatos son moi pesimistas ou rematan en traxedia, pero outros son divertidos, como por exemplo o do home que tiña no seu interior "a natureza". O libro lese moi rápido xa que todos os relatos son moi curtos e sinxelos de ler. Por último, o libro non me gustou moito xa que a min os libros de relatos fánseme un pouco pesados, pois narran moitas historias xuntas e ningunha se asemella. **(Andrea)**

8. É un bo libro que se le en moi pouquiño tempo, cunha grande cantidade de relatos, que che permiten entrar na historia e sentir a esencia crítica do libro coa sociedade e coa maldade humana. Sen dúbida os relatos que máis me gustaron foi "onde estás meu amor Sangare?", que relata a experiencia dun grupo de emigrantes e das súas vivencias nunha patera, "geographos", que nos permite admirar as precisas e sentimentais descrições xeográficas que permiten ver que o noso mundo é único, e "sementadora de estrelas", relato no que unha velliña enferma que vive recluída nun asilo e que o único que lle permite esquecerse da súa enfermidade é unha simple moeda de cincuenta céntimos á que lle fala. O peor deste último relato é a tristura que se esperta na velliña cando unha enfermeira malvada lle rouba a moeda. Son relatos de crítica que penso que lle podería gustar a calquera e por iso vos animo a intentalo. Gustaríame para rematar o meu comentario agradecerlle o seu a Alexandre Filgueira que co seu permitíume comprender mellor o libro e as complicadas metáforas, e como non a Xulia Paredes, que me permitiu mediante o seu comentario adentrarme con máis agarimo na historia e que me animou a lelo. **(Joaquín)**

9. O libro 'As humanas proporcións consta de varios relatos breves. Resultoume fácil de ler e de entender e moi levadeiro. En xeral, o libro gustoume, aínda que hai historias que non teñen nada que ver coa realidade ou relatos, como 'a raia' que me custaba entender o que o autor quería dicir. O relato que máis me gustou foi o de 'Non escoites a Giovanna', xa que tiña intriga por saber o final e o que máis mágoa me deu foi o de 'A sementadora de estrelas, xa que a velliña acabou sen a moeda que tan prezada era para ela. En resumo, animo a todos os que queiran a lelo, sobre todo a aqueles que non lle gusta a lectura, xa que lles resultará breve e ameno. **(Lucía)**

10. Este é un libro de relatos por iso faise sinxelo de ler. Aínda que houbo algúns que non entendín moito xa que son bastante abstractos, o que me gustou foi o primeiro que aínda que dunha forma esaxerada reivindica a posición social da muller **(Gloria)**

11. É un libro que consta de 12 relatos escrito por Xesús Constela. É fácil de ler e moi entretido. Todos os relatos son interesantes xa que manteñen a intriga ata o final. Entre eles, "Na fraga", trata de dous irmáns que non queren pasar uns días na casa dos seus avós, mentres os seus pais fan un viaxe, pero cando descubren o que acontece na fraga todas as noites, non queren voltar á casa. Tamén me gustaron "geographos", "lily" ou "non escoites a Giovanna". En resumo, merece a pena ler este libro. **(Irene)**

12. Este libro escrito polo autor xesús Constela Doce é unha recompilación de relatos curtos que tratan sobre diferentes temas e fases da vida. É un libro moi sinxelo de ler xa que os relatos son curtos e o vocabulario utilizado é bastante sinxelo, non é para nada un libro aburrido xa que cada historia é diferente da anterior. Persoalmente o relato que máis me gustou foi o de " Geographos" que trataba dun home que empezaba a sentir cousas estrañas que acontecían no seu corpo, todos pensaban que era unha enfermidade xa que non era moi normal que sentira un volcán no seu peito e unha catarata no seu estómago pero acudiu xunto unha vella sabia quen lle dixo que non se preocupara por nada que o seu non era unha enfermidade senón un don. En conclusión é un bo libro, entretido, sinxelo de ler. Eu recomendo lelo xa que trata diferentes fases da vida interesante para persoas de todas as idades. **(Ana)**

13. *Humanas proporcións* é un libro que consta de doce relatos breves. Pareceume moi fácil de ler debido tanto ao seu sinxelo vocabulario e a súa brevidade coma a súa capacidade de meterte en cada historia como se foses o propio protagonista. En xeral gustáronme todos os relatos, pero sen dúbida o que máis me chamou a atención e o que máis

me fixo reflexionar foi " quen lle ten medo a Giovana". Recomendaría este libro, xa que como dixen anteriormente e breves moi fácil de ler e moi entretido. **(Noela)**

14. *As Humanas proporcións* parecéronme deses relatos que, aínda que non teñan continuidade uns cos outros, son nos que o seu autor axuda moito á lectura xa que fai del un libro moi ameno e cun vocabulario moi simple adaptado á nosa idade. Gustáronme case todos os relatos curtos que se presentan nesta obra. Se tivese que destacar algún sería "Geographos" pola súa orixinalidade ou o de Lily, o cal me impactou bastante pola pasividade dos seus amigos ante a morte dela diante de todos. O único defecto que eu lle vexo a este libro é que algunhas das historias que o autor conta non se mostran con claridade e custoume entender algunhas como a de Sangare ou a do centro comercial. De todos modos, eu recomendo ler este libro a calquera alumno que desexe pasar un bo rato lendo xa que sacará algo de proveito del, como eu o fixen. **(Paula)**

15. O certo é que esta obra me sorprendeu dende que abrín o libro e comecei a ler. Pasaba páxina tras páxina, sen sequera darme conta, enfrasacada no relato que estaba a ler. Xesús Constenla emprega, baixo o meu punto de vista, unha linguaxe, unha forma de conta-las cousas que engaiola ao lector e fai que se mergulle nas historias cunha facilidade abraiante. Cada historia ten algo que a diferencia das demais. Aparecen relatos tan distintos como o dunha muller que farta de vivir cun home que nunca na súa vida soubo agradecerlle nada do que facía por el nin tratala como era debido, acabou por cravarlle unha a unha todas as súas lembranzas. Tamén a historia de dous nenos que primeiro non queren ir á casa dos seus avós pero que despois de pasar unha fin de semana con eles non Chamoume moito a atención e máis ben intrigoume, o relato de "Non escoites a Giovanna"; asombroume a maneira coa que reflicte a culpabilidade oculta, da que moitas veces nos esquecemos ou nin sequera coñecemos, no cadro que pintou Van Eyck. Os que máis me gustaron foron o de "Algarismos" que describe como é un día de traballo dunha parella, e o pensamento sobre a música de ela, téndoa como unha ciencia case exacta. E tamén o de "Geographos" sobre un home que sente no seu interior o ruído dunha ferverza e un volcán e unha serie de fenómenos que fan pensar a súa muller que está algo tolo. A súa relación perde interese, ata que visita a unha velliña que atopa a súa solución e lle di que ... Pareceume unha obra moi interesante. A sinxeleza coa que o autor conta cada relato fai que empregues pouquísimo tempo a súa lectura e querendo seguir lendo máis cando acabaches o derradeiro. Animo aos meus compañeiros a que lean esta obra, sen dúbida unha das que máis me gustou. **(Aldara)**

16. *As humanas proporcións* é un libro de relatos, a maioría deles subrealistas e fantásticos, que me gustou bastante e resultoume moi sinxelo de ler. A maioría dos relatos logran prenderte porque teñen unha certa incógnita, e a curiosidade lévate a averiguar que é o que está a ocorrer. Gustoume moito o relato no que catro amigos están a cear e descríbese con todo detalle o restaurante, a comida, a situación e de súpeto un final sorprendente e unha reacción totalmente inesperada por parte dos protagonistas. Penso que é un relato moi orixinal, como a meirande parte dos relatos deste libro. Outros relatos que merecen a pena pola súa orixinalidade son, por exemplo, Geographos, unha raia, etc. En resumo, é un libro que me pareceu moi entretido e que é sinxelo e orixinal. **(Raquel)**

17. Non foi de tódolos libros que levo lidos este curso o que máis me gustou. Os relatos, algúns son bastante complicados de ler e fan necesario a relectura, aínda así algúns son moi bos. O mellor de todos no meu parecer foi "non escoites a GiOvana" xa que é un relato que engancha dende o comezo porque pensas e que lle pasou o tío ese que sempre se lle cae o ordenador? E ao final acabas incluso impresionado. Divertíume moito o da cea dos amigos, a señora está preparando todo para que todo sexa perfecto, que non haxa ningún erro e ao final da cena ... SEN EMBARGO NON ME GUSTOU NADIÑA O DA LIÑA XA QUE NON o comprendín e o do centro comercial tampouco me gustou nada. Por último, é un libro que recomendo porque aínda que ten algúns relatos un pouco raros e abstractos, pero como bo libro de relatos existen de todo tipo. **(Paloma)**

18. *As humanas proporcións* è un libro que se le moi axiña, xa que consta de doce historias de diferente intensión. Gustáronme case tódolos relatos aínda que algúns non cheguei a comprendelos moi ben, hai outros que son moi entretidos como o relato no que o home sente a xeografía dentro del, ese é moi bo. Tamén me gustou o das matemáticas, foi bastante gracioso. O que me deixou abraiado foi o relato no que están catro amigos ceando e a rapaza ... e tómano como un feito natural sen sequera estrañarse. Como xa dixen é un libro moi interesante, recomendo a súa lectura. **(J.Ramón)**

19. Este libro está composto por doce relatos curtos que combinan a realidade con mundos fantásticos creados polo autor. Polo xeral, abunda a fantasía, a imaxinación, mesturada coa vida real e cotiá. A intención do autor é crear universos soñados aos que traslada ao lector, en case todos atopamos unha sensación de tristura e melancolía (a sementadora de estrelas), noutros, un humor máis que negro (Lily) ou unha velada denuncia social (Son unha raia, Onde vas, meu amor Sangare?), ou a inocencia da infancia (Na fraga, Celia e o Príncipe). Noutros relatos o autor crea unha atmosfera de tensión, coma nos relatos *Non escoites a Giovanna* ou *Geographos*. Pareceume un libro agradable,

pero verdadeiramente non considero que aporte nada novo á literatura de relatos en galego; algúns relatos recordáronme a outros que xa lera, polo demais, non houbo ningún que me sorprendera. Mais se tivera que elixir, quedaríame co relato "Lily", onde uns amigos moi refinados sono incluso á hora da ... da súa amiga, e tamén co relato "non escoites a Giovanna", polo imaxinativo do argumento. En resumo, o libro "As humanas proporcións" é doado de ler e desenvolve historias máxicas integradas no universo cotián. (???)

20. Esta obra de Xesús Constela está estruturada en breves relatos e ao meu ver sen que exista relación aparente entre eles. Presenta unha linguaxe fácil, sen palabras de difícil entendemento e isto fai que sexa ameno e sinxelo para ler. Gustáronme practicamente todos os relatos aínda que se teño que resaltar algún, gustaríame mencionar dous: "a sementadora de estrelas" e "geographos". No primeiro, a unha avoa, enferma, sóbralle con cincuenta céntimos para recrear todo un mundo pasado de fantasía e, destaco o segundo pola súa orixinalidade e surrealismo. Pola contra houbo historias que non logrei entender ben como a do centro comercial. En conclusión, é un libro entretido que recomendo para un bo tempo de lecer. **(Pablo)**

21. "As humanas proporcións" é un libro de relatos curtos, moi ben narrados e cunha boa ambientación. O relato que máis me agradou foi un titulado "Non escoites a Giovanna". Neste, nárrese a historia dun mozo co que unha tal Giovanna pon en contacto a través do ordenador. Esta resulta ser Giovanna Arnolfini, que leva cincocentos anos atrapada no cadro. Vos pensaredes, que ten que ver o protagonista coa Giovanna esta? pois ten que ver, xa que o noso protagonista é unha das testemuñas do casamento dos Arnolfini, e aparece retratado no cadro. O que menos me gustou trataba duns africanos que viñan nunha patera. Non o entendín moi ben, por iso non me gustou. En conclusión, este é un bo libro e moi entretido. Lese moi rápido e ten un vocabulario doado. **(Daniel A)**

22. Na miña opinión, penso que este libro é un dos máis interesantes que lin de relatos curtos, porque á vez que é sinxelo de ler tamén é moi entretido. Os capítulos que máis me gustaron foron o de "non escoites a Giovana" e "xeographo"; o primeiro porque é moi intrigante a idea de que che estea falando alguén polo msn e que non che diga quen é e logo descubres que es un ... O outro é interesante pola forma en que o home se dá conta de que por dentro do seu corpo hai un ... **(Sergio)**

23. Este libro, a pesar de ser longo, lese pronto porque a pesar de ser relatos curtos e tratar ás veces de temas diferentes, máis ou menos todos teñen cousas en común. O que máis me gustou con diferenza, foi no que un internauta recibe anónimos dalguén que lle di que non escoite a unha rapaza porque esta tola. E enton recibe anónimos dunha rapaza que lle pide que a salve. Pouco a pouco e "enfiando" unha cousa con outra descobre que trata dunha moza que se encontra ... É un relato moi fantasma, pero a min gustoume realmente. Recomendoo, porque é moi doado de ler e non se fai aburrido en ningún momento. **(Brandán)**

24. *As humanas proporcións*, libro de Xesús Constela, pode considerarse unha crítica xeral e contundente do modelo de sociedade implantada hoxe. A meirande parte dos relatos afondan no máis profundo dos sentimentos humanos e fan reflexionar ao lector sobre se o mundo no que vivimos é realmente o máis adecuado. Critícanse, ademais, actitudes dos propios seres humanos cara a outros, que poñen de manifesto a falta dunha sensibilidade xeralizada e que, ao apoiarse o autor en casos de actualidade (inmigración dende África, "¿Onde estás, meu amor, Sangare?") calan dun xeito máis profundo no pensamento do lector. O relato que máis me gustou foi o de "Geographos", porque desenvolve unha pequena trama á que adxunta un final totalmente inesperado, pois canto máis aumentaba a fatalidade da situación do protagonista e do seu entorno social, aparece a solución, solución da que non pode dar un parte verdadeiro, debido á pouca credibilidade que tería no resto da xente. Outro relato que non me desgustou foi o de "Non escoites a Giovanna", case polo mesmo motivo que o anterior, xa que o escritor apórtalle "corpo" á historia e dálle o suspense suficiente para manter ao lector atento durante todo o texto. Ademais, engádeselle a isto que, ao estar a obra escrita dende hai poucos anos, baséase nun avance tecnolóxico do que case dependemos hoxe en día, internet. Como conclusión, podo dicir que é un libro que recomendaría, pois pode axudar moito a comprendernos a nós mesmos e aos demais, ou a poder criticar outras actitudes con argumentos. **(Eduardo B.)**

25. O libro gustoume moito porque ao ser de pequenos relatos resultoume tamén moi doado de ler. Perfectamente se pode ler nunha tarde polo seu reducido número de páxinas. Non sabería pórle un tema en concreto pero todas a súas historias gustáronme moitísimo sobre todo as derradeiras, pero tamén houbo unha que non me gustou nada, a dos inmigrantes que viaxaban na padeira. **(Jorge)**

26. "As humanas proporcións" é un libro de doce relatos de Xesús Constela que de xeito surrealista e metafórico lévanos a un mundo imaxinario dende o cal encontramos críticas, desexos e historias sen máis. Nun fío metafórico, o autor fai unha reflexión acerca da inmigración ilegal ("Onde estás, meu amor, Sangare?") na que a pesar de que moitas

persoas a ven como "o mal do país". Xesús Constela amósanos a realidade que teñen que pasar xente con ganas de saír da miseria para poderen comer e para isto non dubidan en arriscar a súa vida. Unha forma de abrimos os ollos. Neste apartado crítico coincido tamén co comentario do meu compañeiro Alexandre Filgueira; no capítulo de "Tiñádelo que ver" cunha crítica á sociedade consumista actual na que a liberdade trócase polo consumo e a xente fica feliz. O autor convidanos de xeito similar a reflexionar acerca da morte na nosa sociedade, que pasou de ser unha celebración litúrxica-relixiosa a se lle dar a menor importancia ("Lily") e na miña opinión, a morte é un ciclo da vida polo que afastándonos dos sentimentos que nos aferran aos amigos ou familiares mortos, deberíamos esquecer esa obriga de ter que estar de loito ou similares que aínda está presente en moitas vilas e aldeas, sendo xa escasa nas cidades. Outro tipo de relatos son nos que se usa a imaxinación, por exemplo *Geographos*, *Non escoites a Giovanna ou Son unha raia*. E xa para rematar, outro dos capítulos que me chamou a atención é o de "Algarismos" onde reflexiona acerca das matemáticas na vida cotiá. **(Adrián)**

27. O libro "As humanas proporcións" é un conxunto de doce relatos que mesturan realidade con ficción. O relato que máis me gustou foi "Na fraga" que é o derradeiro. Trata sobre dous nenos que van uns días a casa dos seus avós porque seus pais necesitan un pouco de intimidade. Os nenos non é que teñan moi boa relación cos avós pero despois dunha serie de sucesos fantásticos a relación entre eles vólvese moi forte. En conclusión, é un libro moi fácil de ler e moi entretido que che fai pasar un bo tempo. **(María)**

28. Este libro é moi sinxelo de ler xa que a parte de ser moi curto ten relatos que conseguen ter ao lector en vilo. Os relatos que máis me gustaron foron o de "Non escoites a Giovanna" porque conta a historia do cadro que fai de portada do libro e é moi entretido. Outro que tamén me gustou moito foi "Tiñádelo de ver" xa que nel critica un tema moi actual que é o do consumismo e que vemos coma un espectáculo a inmigración. É un libro moi sinxelo de ler e que engancha dende o primeiro momento. **(Sara)**

29. *As humanas proporcións* é un libro de relatos de fácil comprensión e lectura. A maioría deles son de carácter fantástico e están cheos de imaxinación. Algúns dos relatos máis sorprendentes foron os titulados "Lily" e "Geographos". No primeiro varias persoas están ceando nun restaurante de luxo, cando de súpeto, unha delas ... ante a total pasividade dos demais comensais. En canto ao segundo, narra a historia dun home, o cal no seu interior ten A obra é bastante interesante, aínda que ao final eliminaría algúns dos relatos como o chamado "Tiñádelo que ver". En resumo, é un bo libro e recomendaré a súa lectura a outras persoas. **(Jorge)**

30. *As humanas proporcións* é un libro de relatos curtos, moi surrealista, pero é moi doado de ler e comprender o seu contido. Nunca lera ningún libro de Xesús Constela e teño que dicir que me gustou moito, na miña opinión, de relatos curtos é o mellor que lin este ano. En canto ao contido, a historia que máis me gustou foi a titulada "Lily", xa que remata de forma impactante coa ..., sen que produza ningún tipo de reacción, propia de semellante situación, entre os amigos. Dende logo, non é normal que ... todo continúe como se tal cousa non acontecera. Outro relato que me gustou moito foi o do home que tiña a ... dentro do seu corpo ("Geographos"), e a muller non llo cría. Non me estraña! O relato que menos me gustou foi o do centro comercial, representando a crítica ao consumismo, penso eu. En resumidas contas, o libro gustoume moito, posto que é doado de ler e as historias son moi entretidas, nunca sabes como van rematar.(???)

31. Este libro de relatos gustoume moitísimo chegando a un punto de sentir ter que seguir lendo. O relato que máis me enganchou e gustou foi o de "Non escoites a Giovanna", na que o protagonista chega a un momento de loucura total e acaba ... Estas proporcións humanas fan especial fincapé no peor que en nós hai, pero sempre cun grande sentido do humor. A morte cobra moita importancia xa que sempre está presente nos relatos. Estes relatos veñen caracterizados po un toque fantástico e subrealista o que os fan moi imprevisibles. Nunca sabes o que vai ocorrer nin te fas unha idea ata que acabas de lelo. Persoalmente recomendo este libro xa que é moi entretido, fácil de ler e interesante. **(Sara)**

32. O libro "As humanas proporcións" pareceume moi entretido e didáctico debido a que os relatos que se contan na obra son diferentes aos comúns. É un libro fácil de ler e tamén ao meu parecer moi subrealista, as historias son moi difíciles de crer pero a través de elas podes sacar unha idea sobre os diferentes asuntos da vida. Un dos relatos que máis me gustou foi no que unha muller aparentemente moi rica está ceando cuns amigos e tras o último prato a muller derrúbase caéndolle a cabeza enriba do prato, tras esta situación todos actúan con total normalidade como se iso fose algo cotián, que foi o que máis me impactou e me sorprendeu desta historia. Recomendo este libro porque se le moi rápido e á mesma vez é moi entretido, que para min é o máis importante nun libro de lectura. **(Pablo)**

